

# **LIGA MUNICIPAL DE FUTBOL SALA MONDOÑEDO.**

**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO  
TEMPADA 2007/08**

**CONCELLO DE MONDOÑEDO.**

# REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO E CONDICIÓNS DA LIGA TEMPADA 2007/08

## **CAPITULOS:**

1. COMITÉ ORGANIZADOR
2. EQUIPOS
  - A) XOGADORES
3. PARTIDOS E XORNADAS
  - A) OS PARTIDOS
    - A.1) AS ACTAS
    - B) AS XORNADAS
    - C) SUSPENSÍONS E APRAZAMENTOS
4. A LIGA
5. A COPA
6. TROFEOS
7. REXEMEN ECONÓMICO
8. REXEMEN DISCIPLINARIO
  - A) AS TARXETAS
  - B) DESCUALIFICACIÓN, RETIRADA E NON

## **PRESENTACIÓN.**

- TODO A LIGA ESTARÁ EN TODO MOMENTO REXIDA BAIXO O REGULAMENTO OFICIAL DE FUTBOL SALA DE A LIGA NACIONAL DE FÚTBOL-SALA DA TEMPADA ACTUAL (REGULAMENTO QUE ESTÁ COLGADO NO BLOG DE DEPORTES).
- ANTES DO COMEZO DA LIGA ENTREGARASE AOS EQUIPOS INSCRITOS O CALENDARIO DE LIGA Y O REGULAMENTO QUE DEBERÁN COÑECER.
- SOLO MODIFICARASE A FECHA DALGÚN PARTIDO EN CASO DE QUE A ORGANIZACIÓN O VEXA QUE O EQUIPO TEN UN MOTIVO XUSTIFICADO. OS EQUIPOS PODERÁN TER 15 XOGADORES POLO QUE A FALTA DE XOGADORES NON É ALGO xustificado.
- O QUE SI PODERASE MODIFICAR SON OS PARTIDOS NA MESMA XORNADA SEMPRES E CANDO OS CATRO EQUIPOS IMPLICADOS ESTEN DACORDO NO CAMBIO. NESTE TIPO DE MODIFICACIÓN DO CALENDARIO NON SE METERÁ A ORGANIZACIÓN SENDO OS EQUIPOS IMPLICADOS OU INTERESADOS OS ENCARGADOS DE MODIFICAR OS HORARIOS. DARASE UNHA FOLLA TIPO QUE TERÁN QUE FIRMAR OS CATRO EQUIPOS IMPLICADOS NUN CAMBIO DE PARTIDO E SEN ESAS FIRMAS NON HABERÁ CAMBIO ( si se xoga a primeira hora dun dos días e quere xogarse a última os equipos implicados neses partidos terán que firmar a folha confirmando que están dacordo nese cambio). OS CAMBIOS DARANSE A COÑECER A SEMANA ANTERIOR SENON

NON HABERÁ CAMBIO.

- O TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO POLIDEPORTIVO DE MONDOÑEDO SERÁ ONDE SE EXPOÑAN TODAS AS COMUNICACIÓNS OFICIAIS DA COMPETICIÓN. É OBRIGA DOS EQUIPOS CONSULTAR PERIODICAMENTE LA INFORMACIÓN QUE NO MESMO FACILÍTESE. DE IGUAL FORMA, NO BLOG DE DEPORTES PORASE TAMÉN TODA A INFORMACIÓN E UNHA COPIA DE CADA ACTA DOS PARTIDOS.

## **1. - O COMITÉ ORGANIZADOR:**

O COMITÉ DE ORGANIZACION. TERÁ COMO FUNCIONS PRINCIPAIS AS DE TOMAR DECISIONS SOBRE AS SANCIONS PRODUCIDAS E CALQUERA OUTRA INCIDENCIA QUE AFECTASE AO REGULAMENTO OU CALQUERA OUTRO TEMA DA COMPETICION. O COMITÉ REUNIRASE TANTAS VECES FOSE NECESARIA DE FORMA EXTRAORDINARIA.

- TODOS OS EQUIPOS PARTICIPANTES E PERSOAS VINCULADAS A ESTA LIGA VELARÁN EN TODO MOMENTO POLO CUMPRIMENTO DESTAS NORMAS, COOPERANDO EN TODO MOMENTO CÁ ORGANIZACIÓN.
- A PARTICIPACIÓN NESTA LIGA IMPLICA A ACEPTACIÓN DE TODO ESTE REGULAMENTO Y AS DECISIONS QUE POIDA TOMAR O COMITÉ ORGANIZADOR, PARA O MELLOR FUNCIONAMENTO DESTA COMPETICIÓN.

## **2. - EQUIPOS:**

- PARA DISPUTAR OS PARTIDOS TODOS OS XOGADORES DUN EQUIPO DEBERÁN IR UNIFORMADOS, TODOS CÁ MESMA CAMISETA(O MESMO TIPO DE CAMISETA, NON PODE HABER XOGADORES CON CAMISETAS DISTINTAS) E O NÚMERO CORRESPONDENTE. DE NON SER ASI A ORGANIZACIÓN SANCIONARÁ CON 3 € Ó EQUIPO QUE NON CUMpra CÁ DEVANDITA NORMA (PERMITINDO SÓ NAS DOUS PRIMEIRAS XORNADAS QUE A DEVANDITA NORMA SE CUMpra SÓ CÁS CAMISETAS IGUAIS, SENDO PARA O RESTO DE XORNADAS OBRIGATORIA A EQUIPACIÓN IGUAL PARA TODOS OS XOGADORES).
- CADA EQUIPO NON PODERÁ TER MÁIS DE 15 XOGADORES INSCRITOS E O ADESTRADOR OU DELEGADO OU OS DOUS TERÁN QUE ESTAR TAMÉN INSCRITOS SENON O ÁRBITRO PODERÁ RETIRAR A XENTE DA PISTA.

### **A) XOGADORES:**

- DENDE QUE UN EQUIPO CHEGA ÓS QUINCE XOGADORES ENTRARÁ EN VIGOR O PERÍODO DE ALTAS E BAIXAS SENDO CADA ALTA DUN COSTE DE 3 €.
- SE NON CHEGOU ÓS QUINCE XOGADORES PODERÁ METER A MÁIS XOGADORES ATA A METADE DE LA LIGA.PASADA A XORNADA DE COPA NON SE PODERÁN FACER FICHAXES.
- UNHA VEZ REMATADO O PRAZO INDICADO SE TEN MENOS DE 15 XOGADORES CONSIDERARASE A ENTRADA DUN NOVO XOGADOR COMO UNHA ALTA TENDO QUE PAGAR 3 EUROS.

- AS ALTAS NOVAS QUE SE PRODUZAN INCORPORARANSE ANTES DO PARTIDO. DARANSE OS DATOS NA MESA (no CASO DE producirse UNHA BAIXA DARASE A FICHA DO XOGADOR QUE SE DÁ DE BAIXA).
- CALQUERA XOGADOR INSCRITO NESTA LIGA NON PODERÁ darse DE ALTA NOUTRO EQUIPO DESTA MESMA LIGA BAIXO NINGÚN CONCEPTO (AÍNDA QUE SE DESE DE BAIXA DO PRIMEIRO EQUIPO) DURANTE O RESTO DA TEMPADA.
- NO CASO DE ALIÑACIÓN INDEBIDA DUN XOGADOR APLICARASE O ESTABLECIDO NO REXEMEN DISCIPLINARIO.

### **3. - PARTIDOS E XORNADAS:**

#### **A) OS PARTIDOS:**

- OS PARTIDOS DARÁN COMEZO Á HORA FIXADA NO CALENDARIO SALVO RETRASO POR PROBLEMAS DE XOGO NOS ANTERIORES PARTIDOS OU ORGANIZATIVOS. NON SE DARÁN MINUTOS DE CORTESÍA E ASÍ, CANDO A MESA INDIQUE O INICIO DO PARTIDO (QUE NON PODERÁ SER ANTES DA HORA QUE PON O CALENDARIO) OS DOUS EQUIPOS TEÑEN QUE TER OS XOGADORES NECESARIOS PARA DISPUTAR O PARTIDO, DE NON SER ASÍ ESTE SE LE DARIÁ POR PERDIDO POR 3-0 O EQUIPO QUE NON CUMPLA ESTA NORMA.
- O MÍNIMO DE XOGADORES PARA DISPUTAR UN PARTIDO SERÁ DE 5, 4 XOGADORES DE CAMPO E O PORTEIRO. SE SE RETIRASE ALGUN XOGADOR DURANTE O TRANSCURSO DO ENCONTRO E O EQUIPO QUEDASE SEN XOGADORES ABONDOS PARA CONTINUAR, DARÍASELLE O PARTIDO COMO PERDIDO POR 3-0 AÍNDA QUE FOSE GAÑANDO NESE MOMENTO (O NÚMERO DE XOGADORES VEN NO REGULAMENTO OFICIAL DA LIGA QUE TEDES NO BLOG).
- DURANTE O DESENVOLVEMENTO DOS PARTIDOS, NA PISTA UNICAMENTE PODERÁN ESTAR OS XOGADORES SUPLENTES DE CADA EQUIPO Y OS SEUS RESPECTIVOS ADESTRADORES O DELEGADOS, PROCURANDO MANTER UNHA DISTANCIA axeitada DAS LINEAS DE BANDA. EN NINGÚN CASO SE PERMITIRÁ A PRESENZA DE ACOMPAÑANTES O AFECCIONADOS DENTRO DA PISTA O DELEGADO O ADESTRADOR DE CADA EQUIPO VELARÁ POR O BO CUMPRIMENTO DESTA NORMA.

#### **A.1) AS ACTAS:**

- § AS ACTAS ESTARÁN confeccionadas ANTES DO PARTIDO, CO CAL NON SERÁ NECESARIO PRESENTAR AS FICHAS Á MESA ANTES DO ENCONTRO, SÓ OS NÚMEROS DOS XOGADORES, AÍNDA QUE SERÁ OBRIGATORIO QUE OS EQUIPOS LEVEN AS FICHAS EN TODOS OS ENCONTROS QUE DISPUTEN PARA CALQUERA COMPROBACIÓN OU REQUIRIMENTO QUE SE LLES SOLICITE.
- § UNHA VEZ FINALIZADO O PARTIDO O DELEGADO OU RESPONSABLE DO EQUIPO ASINARÁ A SÚA ACTA, CERTIFICANDO QUE O QUE O COLEXIADO ESCRIBIU É CORRECTO E ESTA DE ACORDO CON EL. DE NON SER ASI, POR DETRÁS ESCRIBIRÁ as SÚAS ALEGACIÓNS.

- § AS ACTAS QUE ESTEN SEN ASINAR SE ENTENDERAN QUE ESTAN CORRECTAS E ESES DATOS SERAN OS QUE APARENZCAN COMO RESULTADOS.
- § UNICAMENTE SE ENCHERÁ UNHA ACTA ORIXINAL POR PARTIDO E SE ALGÚN EQUIPO DESEXA COPIA DESTA DEBERÁ solicitala Á ORGANIZACIÓN E ENTREGARÁSELLE O LUNS SEGUINTE A COMPETICIÓN (ten dereito a mirar como queda a acta, a firmala e poñer algo en caso de protesta).
- § UNHA VEZ ACTUALIZADOS OS RESULTADOS NON SE MODIFICASEN A NON SER POR ERRO Ao pasalos DA ACTA Ó ORDENADOR. RECORDAMOS QUE SE PUBLICARÁN AS ACTAS DOS PARTIDOS. ESTO AXUDARÁ A QUE OS EQUIPOS CONTROLEN QUE OS DATOS DOS PARTIDOS PASADOS ÁS ESTADÍSTICAS SEXAN OS CORRECTOS.

## **B) AS XORNADAS:**

- o OS EQUIPOS DISPUTARÁN OS PARTIDOS ENTRE OS VENRES E OS SÁBADOS.
- o NON HABERÁ PARTIDOS APRAZADOS SALVO EN CAUSA xustificada. SE NON SE PODE VIR A UN PARTIDO HABERÁ UNHA SANCIÓN ECONÓMICA DE 20€ (POR PARTIDO NON PRESENTADO).
- o ANTES DE COMEZAR A SEGUINTE XORNADA COLOCARASE NUN LUGAR VISIBLE DO TABOLEIRO DE ANUNCIOS OS RESULTADOS DA XORNADA DISPUTADA, A CLASIFICACIÓN, OS PARTIDOS A DISPUTAR DA SEGUINTE XORNADA, A NOTIFICACIÓN DOS XOGADORES SANCIONADOS E OS XOGADORES CON TRES TARXETAS APERCIBIDOS DE SANCIÓN O IGUAL QUE OS EQUIPOS OU XOGADORES QUE TEÑEN QUE DAR CARTOS A ORGANIZACIÓN POR TEMAS DE SANCIONS (NUN PRINCIPIO SACARASE DO BOTE QUE TEN CADA EQUIPO, O ACABARSE ESTE TERÁN QUE PAGAR A SANCIÓN ANTES DO SEGUINTE PARTIDO).

## **C) SUSPENSÍONS E APRAZAMENTOS DE PARTIDOS:**

- NON PODERÁN suspenderse OU aprazarse PARTIDOS DE LIGA O COPA SEN MOTIVO APARENTE, COMO POIDAN SER PARTIDOS TELEVISADOS, CELEBRACIÓN, OU FALTA DE XOGADORES (CADA EQUIPO TEN POSIBILIDADE DE FACER 15 FICHAS) ETC; SÓ APRAZARANSE AQUELES PARTIDOS QUE POR CAUSAS DE FORZA MAIOR ASI O REQUIRAN.
- SERÁ MOTIVO DE SUSPENSIÓN DE PARTIDOS AS CONDICIÓNS CLIMATOLÓXICAS ADVERSAS, CELEBRACIÓN DE EVENTOS NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, PECHES DAS INSTALACIÓNS POR FESTIVIDADES, PROBLEMAS ORGANIZATIVOS QUE NON DEPENDAN DA ORGANIZACIÓN DA LIGA,...

RECORDAMOS QUE NON SE APRAZAN partidos SALVO CAUSA xustificada, QUE SE BUSCA NON APRAZAR NINGÚN PARTIDO.

## **4. - A LIGA**

- A LIGA SERÁ A DOBRE VOLTA.
- O CAMPEÓN DE LIGA SERÁ O QUE QUEDE PRIMEIRO O REMATAR AS DUAS VOLTAS.
- XOGARASE CO SEGUINTE SISTEMA DE PUNTUACIÓN:
  1. PARTIDO GANDO 3 PUNTOS.
  2. PARTIDO EMPATADO 1 PUNTO.
  3. PARTIDO PERDIDO 0 PUNTOS.
- A CLASIFICACIÓN, EN CASO DE EMPATE A PUNTOS ENTRE DOUS OU MÁIS EQUIPOS, RESOLVERASE DO SEGUINTE XEITO:
  - § RESULTADOS DOS PARTIDOS ENTRE ELES.
  - § DIFERENZA DE GOLES ENTRE OS EQUIPOS EMPATADOS NOS DOUS PARTIDOS NO CASO DE QUE SE XOGARON ENTRE ELES.
  - § DIFERENCIA DE GOLES FINAL A FAVOR.

## **5. – COMPETICIÓN DE COPA**

PARA A COMPETICIÓN DE COPA CLASIFICARANSE OS OITO PRIMEIROS EQUIPOS CLASIFICADOS Ó REMATAR LA PRIMEIRA VOLTA DA LIGA.

- TODOS OS PARTIDOS DE COPA SERÁN A ÚNICO partido.
- OS PARTIDOS DE COPA QUE FINALICEN CON EMPATE RESOLVERANSE CO LANZAMENTO DE PENALTIS TAL E COMO ESTABLECE LA REGULAMENTACIÓN OFICIAL.

## **6. - TROFEOS:**

CATRO PRIMEIROS EQUIPOS EN COPA.

CATRO PRIMEIROS EQUIPOS EN LIGA.

## **7. - REXEMEN ECONÓMICO:**

DEBERASE PAGAR A CUOTA ANTES DA XORNADA NÚMERO CATRO. A ORGANIZACIÓN, NO CASO DE TER EQUIPOS QUE NON PAGARON A CUOTA NESE MOMENTO FARÁ UNHA REUNIÓN COS EQUIPOS E DARÁ A COÑECER OS CASOS DOS EQUIPOS QUE NON PAGARON, OIRÁ AS SÚAS EXPLICACIÓNS E TOMARÁ UNHA DECISIÓN SOBRE A COMPETICIÓN E ESES EQUIPOS; OU INDIVIDUALMENTE SOBRE A COMPETICIÓN; OU INDIVIDUALMENTE SOBRE OS EQUIPOS.

CADA EQUIPO DEBE PAGAR UN CANON DE 400 EUROS DE INSCRICIÓN, CO QUE O EQUIPO E CADA XOGADOR TERÁ INCLUIDO NESTO TODO O SEGUINTE:

1. TODAS AS ARBITRAXES PAGADAS (AS SANCIONES NON INCLUÍDAS) 275 €.

2. MATERIAL (AUGAS, BALÓNS, BOTICA de primeiros auxilios, ...) 50 €.
3. FIANZA 75 €.

A FIANZA SERÁ DEVOLTA SEMPRE E CANDO NON SE DESCONTASE DIÑEIRO DE SANCIONS, POLO CAL SE ABONARÍA SOLO O QUE QUEDE DA FIANZA NO CASO DE QUE NON SE GASTE TODO O DIÑEIRO DA MESMA. O EQUIPO QUE NON EFECTUE O PAGAMENTO NO PRAZO ESTABLECIDO NON PODERÁ INICIAR A COMPETICIÓN E SERÁ AUTOMATICAMENTE EXCLUÍDO DA COMPETICIÓN PASANDO A FORMAR PARTE DA MESMA ALGÚN DOS EQUIPOS QUE ESE MOMENTO ESTÉ EN RESERVA. SE NON CHEGA O DIÑEIRO DA FIANZA TERÁN QUE ABOAR ANTES DE CADA PARTIDO O DIÑEIRO QUE LLE CORRESPONDA A LA SANCIÓN IMPOSTA.

## **8. - REXEMEN DISCIPLINARIO:**

### **A) AS TARXETAS SANCIONARANSE DO SEGUINTE XEITO:**

- § TARXETA VERMELLA: 8 €.
- § TARXETA AMARELA: 2 €.
- § ACUMULACIÓN DE 4 AMARELAS (INCLUÍDA a VERMELLA): 8 €.

O CRITERIO SANCIONADOR SERÁ O SEGUINTE:

- VERMELLA DIRECTA POR AGRESIÓN A UN CONTRARIO, OU O ÁRBITRO: entre 4 e 6 PARTIDOS dependendo da seriedade da acción e a consideración do que poña o árbitro na acta do partido.
- VERMELLA DIRECTA POR FALTA GRAVE: 3 PARTIDOS (a consideración do árbitro según o que poña na acta do partido).
- VERMELLA POR DUAS AMARELAS: 1 PARTIDO.
- ACUMULACIÓN DE CATRO AMARELAS: 1 PARTIDO.

§ OS XOGADORES SANCIONADOS A NON XOGAR ALGUNHA XORNADA, SERA SEMPRE NA SEGUINTE XORNADA. A SANCIÓN PUBLICARASE NO BLOG DE DEPORTES E NA PORTA DO POLIDEPORTIVO ANTES DO PARTIDO, NON SE COMUNICARÁ O XOGADOR.

- OS XOGADORES SANCIONADOS DEBERÁN ABOAR OS CARTOS ANTES DA DISPUTA DA SEGUINTE XORNADA, DE NON SER ASÍ DESCONTARASE DIRECTAMENTE DA FIANZA DO EQUIPO Ó QUE PERTENZA. SE SE ESGOTASE A FIANZA, O XOGADOR SANCIONADO NON PODERÍA XOGAR NINGÚN PARTIDO MÁIS NA TEMPADA ATA QUE SE PUXESE O CORRENTE DO PAGAMENTO.
- TOMARANSE MEDIDAS DISCIPLINARIAS A TODO AQUEL XOGADOR, ADESTRADOR, DELEGADO DE EQUIPO E ACOMPAÑANTES QUE

ACTÚE DE FORMA DESMESURADA E CUN COMPORTAMENTO INAPROPIADO A UNHA DISCIPLINA DEPORTIVA, PODENDO SER EXPULSADOS DAS INSTALACIÓNS E DE Á COMPETICIÓN A CRITERIO DO COMITÉ ORGANIZADOR. CONSIDÉRASE COMO FALTA GRAVE POR O QUE PODE CHEGAR Á PERDA DA FIANZA AÍNDA QUE A PENALIZACIÓN SEXA DUN SOLO XOGADOR.

- o TODO XOGADOR OU DELEGADO DE EQUIPO QUE TOQUE A UN COLEXIADO DE FORMA AGRESIVA O LLE FALTE O RESPECTO PODREZA SER INMEDIATAMENTE ELIMINADO DO EQUIPO, DA LIGA E EXPULSADO DA INSTALACION DEPORTIVA.
- o A ALIÑACIÓN INDEBIDA DUN XOGADOR SERÁ SANCIONADA CÁ PERDIDA DO PARTIDO POR 3-0.

## **B ) DESCUALIFICACIÓN, RETIRADA E NON PRESENTACIÓN DE EQUIPOS:**

- A FALTA DUN EQUIPO A CATRO PARTIDOS DE LIGA SUPÓN A DESCALIFICACIÓN DO MESMO PARA A COMPETICIÓN PERDENDO TODOS OS SEUS DEREITOS SOBRE A COMPETICIÓN.
- A DESCALIFICACIÓN e RETIRADA DUN EQUIPO DA LIGA SERÁ SANCIONADA CÁ RETIRADA DE TODOS OS PUNTOS, E GOLES DENDE O PRINCIPIO DA LIGA NON VALENDO NINGÚN DOS RESULTADOS.
- OS TRES GOLES NO CASO DA NO PRESENTACIÓN DUN EQUIPO ANOTÁSENSE O XOGADOR DO EQUIPO GAÑADOR QUE FIGURE NESA XORNADA COMO O MÁXIMO GOLEADOR DO EQUIPO.
- SE ESTA SE PRODUCISE NA COPA SUPORÁ A ELIMINACIÓN DIRECTA DO EQUIPO NA COMPETICIÓN.
- A NON PRESENTACIÓN DUN EQUIPO EN COPA, ASI COMO A DESCUALIFICACIÓN E RETIRADA DUN EQUIPO ANTES OU DURANTE O PARTIDO SANCIONARASE CÁ PERDA DO PARTIDO POR 3 GOLES A 0.
- A DESCALIFICACIÓN, RETIRADA E NON PRESENTACIÓN DUN EQUIPO NA COPA SUPORÁ A RETIRADA DE TODOS OS PREMIOS, TROFEOS E NON SE LLE DEVOLVERÁ A FIANZA (A NON PRESENTACIÓN NA COPA TEN CASTIGO ECONÓMICO POLO ESFORZO ORGANIZATIVO QUE SUPÓN).O EQUIPO QUE NON QUERA PARTICIPAR NA COPA PODERÁ COMENTALO CON ANTELACIÓN PARA QUE O SEU POSTO O OCUPE OUTRO DOS EQUIPOS NON CLASIFICADOS.
- A NON PRESENTACIÓN DUN EQUIPO EN DATA Y HORA ESTABLECIDA PARA DISPUTAR o SEU ENCONTRO DE LIGA OU COPA SERÁ SANCIONADA CON 20 EUROS, QUE SERÁN DESCONTADOS DE LA FIANZA. O ACABARSE A FIANZA ESTOS EQUIPOS DEBERÁN PAGAR A SANCIÓN ANTES DO SEGUINTE PARTIDO. O NON PAGARSE A SANCIÓN O EQUIPO EN CUESTIÓN NON PODERÁ XOGAR O SEGUINTE PARTIDO ACUMULANDO OUTROS 20 € DE SANCIÓN.